

Resolución reitoral pola que se convocan bolsas para estudantado matriculado no Grao en Turismo ou no PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia no curso 2023/2024

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A provincia de Ourense posúe unha riqueza natural, patrimonial e cultural incuestionábeis que contribúen, entre outros aspectos, a que a Ribeira Sacra aspire a ser declarada patrimonio da humanidade pola UNESCO, de xeito que a presenza de bos profesionais do sector turístico poderán favorecer esta candidatura, así como mellorar e ampliar a calidade da oferta turística provincial actual, baseada na gastronomía, enoturismo, riqueza termal e patrimonio románico, entre outros sectores.

Con este obxectivo a Universidade de Vigo e a Deputación de Ourense teñen previsto asinar un convenio para a o fomento de actuacións universitarias de promoción da formación en Turismo no Campus de Ourense, e que redunden en beneficio da sociedade e do interese xeral da provincia.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva, 45 bolsas para o estudantado matriculado no Grao en Turismo ou no PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia do campus de Ourense no curso 2023/2024, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA O ESTUDANTADO MATRICULADO NO GRAO EN TURISMO OU NO PCEO GRAO EN TURISMO/GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA NO CURSO 2023/2024**1. OBXECTO**

O obxecto destas axudas é sufragar o custo dos estudos de Turismo do Campus de Ourense para contribuír a promoción da formación de profesionais do sector turístico na provincia de Ourense. Convócanse 45 bolsas.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLITANTES

Pode solicitar axuda o estudantado que cumpra o seguinte requisito:

- Estar **matriculado/a** no curso 2023/2024 no Grao en Turismo ou PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia do Campus de Ourense.

Non poden ter a condición de beneficiarios/as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

3. COMPATIBILIDADES

Esta axuda é compatible con calquera outra axuda, e, en concreto, coa bolsa de carácter xeral para o curso académico 2023/2024 do Ministerio de Educación e Formación Profesional convocada por Resolución de 15 de marzo de 2023 (BOE do 17 de marzo).

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2023 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 45.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual máxima da bolsa será:

- 900 € para cada estudante seleccionado
- 450 € adicionais cada unha para
 - 9 estudantes coa mellor nota de acceso no curso 2023/2024 ao Grao en Turismo
 - 1 estudante coa mellor nota de acceso no curso 2023/2024 ao PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia.

3. O pagamento da bolsa efectuarase no prazo de un mes desde a resolución de adxudicación mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.



CSV : GEN-ee5a-6254-700c-38c3-1633-51b2-5f88-da60

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 07/07/2023 09:23 | NOTAS : F

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** dispoñible no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/12412, **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** “*Bolsas para a promoción da formación en Turismo*”, achegando unicamente o formulario coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a presente electronicamente. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **13 de outubro de 2023 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- Certificación académica dos estudos realizados no caso de estudantado que continúa estudos que se realizaran nunha universidade distinta á de Vigo.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

A selección será efectuada por unha comisión de selección ata o esgotamento do crédito orzamentario de acordo cos seguintes criterios:

- No caso de inicio de estudos: a nota de acceso ao Grao en Turismo e PCEO Grao en Turismo / Grao en Xeografía e Historia do Campus de Ourense para o estudantado que inicia estudos.



CSV : GEN-ee5a-6254-700c-38c3-1633-51b2-5f88-da60

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 07/07/2023 09:23 | NOTAS : F

- No caso de continuación de estudos: Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do Sistema Universitario Galego establecido na *Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro)*

En todo caso terá preferencia o estudantado que inicia estudos do Grao en primeiro lugar e de PCEO en segundo lugar, fronte ao estudantado de continuación de estudos.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais:

- Rosa Graña Costas, xefa do servizo de Axudas ó Estudo, Bolsas e Prezos Públicos
- María Guadalupe Fernández Romero, xefa da sección de Axudas e Bolsas

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de bolsas concedidas e denegadas**, con mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegación, enviaralle a proposta a vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da



CSV : GEN-ee5a-6254-700c-38c3-1633-51b2-5f88-da60

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 07/07/2023 09:23 | NOTAS : F

universidade, cos efectos da notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse no correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na Sede Electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá estar matriculada no Grao en Turismo ou PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia do campus de Ourense durante o curso académico 2023/2024 para poder manter a súa condición de bolseira.

Ademais debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lles sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación ou alteración de datos, ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.



CSV : GEN-ee5a-6254-700c-38c3-1633-51b2-5f88-da60

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 07/07/2023 09:23 | NOTAS : F

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)



CSV : GEN-ee5a-6254-700c-38c3-1633-51b2-5f88-da60

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 07/07/2023 09:23 | NOTAS : F